



# COLEXIO DE CERVO

RECOMENDACIÓNS  
LECTORAS  
VERÁN 2022

PUCA  
INFORMA!



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

 Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

[BLOG DE BIBLIOCERVO](#)

 **VOZ e NATURA**



# RECOMENDACIÓNS PARA AS E OS PEQUES (PRELECTORES)



Fábula contemporánea que narra a aventura dun camaleón na procura da súa identidade. Porque o importante non é deixar de mudar de cor, senón compartila con alguén.




Un día, unha osa pequena e un e oso pequeno cruzáronse no camiño, miráronse con agarimo, e sentiron que os seus corazóns se facían grandes, moi grandes...




O protagonista da exitosa serie do lobo feroz embarca, nesta ocasión, nunha aventura chea de humor. Vai por primeira vez de vacacións! Está feliz e contento pero nada é como el imaxinaba... No tren van coma sardiñas en lata, na arena non ten sitio para poñer a toalla e, por riba, as gaivotas non parecen ser as súas mellores amigas. Se cadra non é tan mala idea volver para a casa!




# PRIMEIROS LECTORES



Axente Riciños, a mellor e máis implacable axente da Policía, regresa para resolver un misterio que mantén en tensión a todos os habitantes da Fraga. Alguén está secuestrando as princesas sen deixar nin rastro. Só hai unha opción para resolver o caso, que Riciños faga coma quen que é unha delas. Algo que, coñecéndoa, non será nada doado...Tranquilas, princesas, Axente Riciños regresa para salvarvos.



Esta noite hai foliada no souto e os animais convidánnos a bailar con eles e a descubrir como viven polo ar, pola terra e polo mar. A vacaloura, o morcego, o corrobolás ou o caranguexo tateo farannos rir e emocionarannos, e tamén farán que xogemos cos poemas deste divertidísimo animalario de ler a diario, con bicharía da noite e do día.



Viena, 1763. O detective Gatlock viaxa nesta ocasión á capital austríaca porque ocorreu un terrible suceso. A raíña Lisbeth Antonieta perdeu o seu collar. E necesítao para a gran festa que dará esa mesma noite! O noso protagonista e os seus amigos emprenden unha investigación exprés. Todas as sospeitas apuntan cara unhas astutas pegas. Estarán implicadas roubo?




# LECTORES AUTÓNOMOS



Iria ten que deixar a cidade onde vive, as súas amigas, o colexio, a praia das tardes do verán..., para mudarse cos seus pais ao campo, a un lugar chamado Malvela. Alí a súa vida semella perder todo o sentido. Mais, pouco a pouco, irá coñecendo unha comunidade de persoas especiais que, dotadas de cadanseu don, van ensinalle outra maneira de estar no mundo, moito máis consciente. Todas elas teñen en común unha curiosa característica: calzan un zapato de distinta cor en cada pé. Iria descubrirá que ese distintivo é o que identifica os membros dunha sociedade creada en Malvela: «As Sentinelas do Silencio».




Morgan é un neno peculiar. De bebé apareceu nunha cesta diante da casa da señora Culpepper xunto cunha nota que dicía: «Lévenme máis alá da néboa. Busquen a casa das tres irmás e díganlles que son o neno de lume». Sobre o seu ombro dereito sempre vai Luminaria, unha pequena chama que só el pode ver e con quen pode falar. Unha mañá, a cidade aparece cuberta por unha mesta néboa que non dá levantado. Sen rastro do sol, Luminaria vaise apagando devagar. A señora Culpepper lembra a nota que traía Morgan, e o neno prepárase para iniciar unha viaxe máis alá da néboa. Só se atopan a casa das tres irmás Luminaria poderá sobrevivir. O que non imaxinan é quen son en realidade esas tres mulleres. Un novo universo literario de Leticia Costas con aroma a conto clásico.



Suy e Lawen son dous irmáns xemelgos que viven na aldea de Sat Naapa, un remoto lugar do sureste asiático. As súas tranquilas vidas cambian o día no que a velliña Champey le as súas almas e lle di a Suy que el ten alma de bolboreta, mentres que a súa irmá Lawen posúe o espírito do elefante. A Suy parécelle imposible porque el é máis forte e sempre coidou da súa xemelga. Lawen é distinta das outras nenas: cústalle expresar os seus sentimentos e ponse nerviosa coas situacións descoñecidas. Así que Suy conta unha pequena mentira. Di que el é o elefante. O que non pode sospeitar Suy é que axiña se van cruzar con Tep, un elefante real que necesita desesperadamente a súa axuda e por quen emprenderán unha increíble aventura. E é que ás veces as cousas non son o que parecen. Ás veces os tesouros teñen catro patas. E só as bolboretas voan o suficientemente alto para atopalos.




# LIBROS ESPECIAIS



Un percorrido divertido, polifacético e ocorrente para coñecer os costumes, os descubrimentos e os inventos relacionados coa hixiene, a suciedade e a medicina. A historia da hixiene é tamén a historia da civilización, pero os hábitos de hixiene non se impuxeron nin se practicaron do mesmo xeito ao longo dos séculos.



Por fin un clásico da literatura galega como álbum ilustrado. Blanca Millán converte o poema de Curros Enríquez nunha festa visual delicada, chea de lirismo e pracer estético. Un libro imprescindible para que as nenas e os nenos coñezan un poema esencial de nós.



Aldara é unha rapaza á que, ademais de pesárenlle todas as tarefas diarias que unha moza tiña que facer na casa e fóra dela naquela época, atormenta unha desgraza familiar acontecida no pasado recente. As cousas van cambiar algo cando outro mozo, perdido dende hai tempo polos montes que rodean a aldea na que vive Aldara, aparece en escena e vai quedar na súa casa ata atopar aos seus familiares.